

# A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE CHAMA A DOAR SANGUE Á CIDADANÍA, ESPECIALMENTE AOS GRUPOS CERO NEGATIVO E A POSITIVO

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) fai un chamamento xeneralizado á cidadanía para participar na campaña de doazón de sangue **Verán 2020** e, moi especialmente, aos doantes dos grupos sanguíneos **Cero negativo** e **A positivo**.

As reservas dos grupos Cero negativo e A positivo presentan niveis baixos, polo que resulta preciso reforzar o permanente chamamento á participación nas campañas de doazón de sangue.